

## **A PARROQUIA, ONTE E HOXE**

---

*Por Xoan Xosé Sande Suárez*

"A aldea... ¡Deus a deal!". Este desexo do refraneiro galego leva no seu cerne todo un contido de tradición, identidade, acougo, reafirmación... e a realidade viva e actual da parroquia.

A diversidade espacial axuda a configurar distintas organizacións sociais. O chan, o clima, o habitat, a economía, a cultura... poden ser causa/efecto desta creba da teimuda e empobrecedora uniformidade artificial e artificiosa.

Non é extraño, xa que logo, que os distintos pobos establecidos sucesivamente en Galicia se virán influenciados polos distintos condicionantes na conformación da súa organización social cunhas características comúns ao longo da historia.

Os CELTAS agrupábanse nos castros formando pequenos conxuntos urbanos dotados dunha organización rudimentaria: rúas, enlousados, escaleiras, canles... "que revelan un sentimento de solidariedade e a presenza dunha dirección e dun mundo aloxado dentro de cada un dos nosos pobos fortes" (F. López Cuevillas).

Os castros, como entidades de poboación pechadas que eran, tiñan certa autonomía. Agora ben, estes centros, máis que centros de habitación permanente, eran refuxio nos momentos de guerra ou perigo. Unha boa parte das actuais aldeas foron creadas durante a invasión dos celtas (Zimmermann). A pegada foi quedando nos topónimos: Castro, Castelo, Castrillón, Castrolín, As Antas (vulgarmente: As Santas), Antenas, O Tombo... "A aldea pechada aparece como a mais antiga forma fundamental das instalacións humanas en Galicia" (G. Niemeier).

Os ROMANOS van aproveitar parte da infraestrutura herdada e crean as "villae" como forma de habitat. "Desaparecían os castros, de vagar, despois de cumprir unha misión que o cambio de circunstancias facía xa inútil e imposible, pero o que acelerou o seu esfarelamento, o fenómeno máis interesante pola permanencia das modalidades por él impostas, foi o da fundación das "villae"; entidades agrícolas das que derivaron logo as nosas actuais feligresías rurais..." (F. López Cuevillas). As "villae" eran ao mesmo unha entidade xurídica -baixo a autoridade do "dominus"-, e unha autarquía económica para abastecer as súas necesidades.' A organización das "villae" aproximaríase ao que hoxe son os casais. Unha vez máis a toponimia segue a ser a mellor memoria: Vilariño, Quintela, Pazo/s, Casal, Cima de Vila, Vilanova (?)

Os SUEVOS non van alterar basicamente a situación herdada. Será Teodomiro, rei suevo de Galicia (559-570), quen defina unha nova institución, a parroquia, primeira organización eclesiástica con base territorial.

A repoboación dos primeiros tempos da Reconquista levou consigo a restauración de moitas "villae" e a creación de outras novas.

Co tempo a indivisibilidade das "villae" desaparece; os casais serán dados en foro para convertirse en núcleos de expansión e agrupamento dos que nacerán as aldeas. "Os colonos da vila pasaron a ser feligreses (filius ecclesiae: fillos da igrexa) e así surxiu a


feligresía, a parroquia, que aínda hoxe perdura como entidade fundamental de poboación dentro das mesmas lindes da vila, e conservando, moitas veces, o nome romano do antigo propietario. Dinos o erudito portugués Alberto Sampaio, que a vila conviviu coa parroquia porque aquela foi unha propiedade, en toda a extensión da palabra, e esta era simplemente o recoñecemento da comunidade agrícola para os efectos relixiosos. Pero a vila romana deixou de existir devorada polo tempo, e a parroquia converteuse en célula de goberno e de administración: "unha especie de comuna sen código, organizada arredor do campanario" (Castelao).

A sucesión histórica foi creando conciencia de grupo e marcando unhas pautas de comportamento e de identidade colectiva feitas realidade na parroquia.

A parroquia forma unha unidade xeográfica, social e cultural ben delimitada. Normas, costumes e circunscricións tradicionais avalan a súa vitalidade e o irremediable da súa imposición.

A pesar do seu tardío recoñecemento legal, a Administración tivo que ter en conta na práctica como unidade real que facilita o labor municipal.

Ante a pregunta "¿Logo tí de onde es?" a resposta adoitada é dar conta da parroquia de cada un como realidade viva e asumida. Esta autoadscripción vese matizada por un regulador concéntrico segundo quen sexan os interlocutores e o término de referencia inmediato:



Así:

<i>Término de referencia inmediato</i>	<i>Término de ref. evocado</i>
Parroquia.....	Barrio
Concello.....	Parroquia
Galicia.....	Concello
Exterior.....	Galicia

Os costumes sociais tamén veñen determinados pola demarcación parroquial:

1.- Na literatura popular e no folclore vanse marcando as parroquias:

Os de Darbo son bos mozos,  
os de O Hío, baloqueiros,  
os de Coiro son morenos,  
os de Aldán, bos mariñeiros.

2.- A rivalidade deportiva organízase ás máis das veces en torno á parroquia.

3.- As festas adoitan ter unha celebración e organización parroquial.

4.- Os bens comunais e a axuda comunitaria delimitaos a parroquia.

5.- Nas lendas tradicionais caracterízanse as distintas comunidades parroquiais.

6.- Os servicios comúns (cemiterio, igrexa ...) non só forman parte da parroquia, senón que son imprescindibles para que exista como tal por ser uns dos principais elementos que a definen.

Historia e tradición na plena actualidade de hoxe. Todo labor colectivo debe ter presente esta realidade para mostrarse eficaz, igualitario e xusto.

Acercarse e contar coa realidade da propia organización social galega á hora de tomar decisións é acertar no camiño do progreso. A imposición de estruturas artificiais importadas polo mimetismo uniformizador e acomplegado acaba fracasando e traumatizando co paso do tempo.

"A aldea... ¡Deus a dea!".

(Publicado en "Festas do Cristo". Cangas, 1987)